

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

CENTRO: IES DE CURTIS
CURSO: 1º BACHARELATO
MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
DATA: 8/5/2020

Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
UNIDADE 1: OS SERES VIVOS. COMPOSICIÓN E FUNCIÓN	
<p>1. Describir as características dos seres vivos e os distintos niveis de organización da materia viva.</p> <p>2. Definir os conceptos de bioelemento e biomolécula e coñecer os principais bioelementos e as características das biomoléculas inorgánicas.</p> <p>3. Describir a estrutura química dos glúcidos e coñecer a súa clasificación e as súas funcións biolóxicas.</p> <p>4. Coñecer as características xerais dos lípidos e a súa clasificación.</p> <p>5. Describir a estrutura dos aminoácidos e das proteínas e explicar a súa variabilidade e as súas funcións biolóxicas.</p> <p>6. Explicar a estrutura dos ácidos nucleicos e a súa función como portadores da información xenética.</p> <p>7. Utilizar diversos materiais, técnicas, códigos e recursos artísticos na realización de creacións propias.</p>	<p>1.1. Explica as características que definen os seres vivos: complexidade, nutrición, relación e reprodución, e coñece os principais niveis de organización abióticos e bióticos.</p> <p>2.1. Define bioelemento, oligoelemento e biomolécula; clasifica os bioelementos en primarios, secundarios e oligoelementos, e coñece as características do átomo de carbono.</p> <p>2.2. Explica a estrutura da auga, relaciona as súas propiedades fisicoquímicas coas súas funcións biolóxicas, e coñece as formas nas que se encontran os sales minerais nos seres vivos e as súas funcións biolóxicas.</p> <p>3.1. Coñece os principais glúcidos, a súa composición, as súas estruturas, as súas funcións biolóxicas e a súa clasificación, e esquematiza un enlace O-glicosídico.</p> <p>4.1. Coñece os principais lípidos e ácidos graxos, a súa composición, as súas estruturas, as súas funcións biolóxicas e a súa clasificación, e esquematiza a esterificación dun triglicérido.</p> <p>5.1. Distingue os aminoácidos como compoñentes básicos das proteínas; coñece a composición, estruturas, funcións biolóxicas, especialmente a enzimática, e clasificación destas, e esquematiza o enlace peptídico.</p> <p>6.1. Distingue os nucleótidos como compoñentes básicos dos ácidos nucleicos, esquematiza a fórmula dun nucleótido e do enlace fosfodiéster, e explica a estrutura de dobre hélice do ADN e dos distintos tipos de ARN.</p> <p>7.1. Utiliza técnicas e códigos para representar moléculas e valora a súa correcta representación.</p>
UNIDADE 2: A ORGANIZACIÓN CELULAR	<p>1.1. Establece as diferenzas entre os distintos tipos de células e</p>

<ol style="list-style-type: none"> 1. Distinguir entre células procariotas e eucariotas. 2. Explicar que é o metabolismo, diferenciar os seus tipos e describir os principais procesos metabólicos. 3. Comprender a evolución de moitos organismos cara á pluricelularidade como resposta adaptativa. 4. Diferenciar as distintas formas de organización pluricelular. 5. Coñecer as formas non celulares. 6. Elaborar traballos con pulcritude e sentido estético. 	<p>representaas esquematicamente.</p> <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Define metabolismo e explica as características do anabolismo e do catabolismo e a función dos intermediarios metabólicos; establece as diferenzas entre a respiración aerobia e a fermentación, explica como se leva a cabo a fotosíntese e describe as etapas de cada proceso. 3.1. Expón as razóns que puideron dar lugar a que algúns organismos se convertesen en seres pluricelulares, explica a diferenciación celular e distingue as distintas formas de organización pluricelular. 4.1. Diferencia as distintas formas de organización pluricelular. 5.1. Explica qué son virus, plásmidos, viroides e príons. 6.1. Elabora traballos con pulcritude..
UNIDADE 3: A REPRODUCCIÓN CELULAR	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Explicar a necesidade da reprodución para a continuidade da vida. 2. Coñecer os distintos tipos de reprodución asexual e describir as fases da mitose e do ciclo celular. 3. Coñecer as fases da reprodución sexual, explicar os ciclos biolóxicos e recoñecer as fases da meiose e a súa importancia. 4. Apreciar como o coñecemento científico influíu no modo de vida actual. 5. Mostrar iniciativa nas actividades propostas na aula. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Define ciclo biolóxico, distingue as fases dun ciclo vital e coñece os tipos de reprodución que presentan os seres vivos. 2.1. Diferencia os tipos de reprodución asexual e explica as fases do ciclo celular e da mitose. <ol style="list-style-type: none"> 3.1. Explica as fases da reprodución sexual, os ciclos biolóxicos e entende a necesidade da meiose no mantemento da constancia numérica dos cromosomas. 4.1. Valora a importancia do coñecemento científico sobre o mecanismo da reprodución sexual para evitar enfermidades. 5.1. Mostra iniciativa e dá conta das actividades propostas.
UNIDADE 4: HISTOLOXÍA	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer os principais tecidos vexetais e as súas diferentes variedades, e describir as súas características morfolóxicas e 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Clasifica e describe os tecidos meristemáticos e os tecidos parenquimáticos, sinala as características das súas células, a súa

<p>funcionais.</p> <p>2. Coñecer os principais tipos de tecidos animais, as súas principais características morfolóxicas e a función que desempeñan no organismo.</p> <p>3. Coñecer os principais procesos da técnica histolóxica.</p> <p>4. Utilizar materiais e recursos expresivos para representar diferentes tecidos.</p>	<p>situación e a súa función na planta.</p> <p>1.2. Clasifica e describe os tecidos de soporte e os tecidos secretores, e indica as características das súas células, a súa situación e a súa función na planta.</p> <p>1.3. Clasifica e describe os tecidos protectores e os tecidos condutores, e indica as características das súas células, a súa situación e a súa función na planta.</p> <p>2.1. Clasifica os principais tipos de tecidos epiteliais, e sinala as súas características, a súa función e a súa localización no organismo.</p> <p>2.2. Describe as características dos tecidos conxuntivos, adiposos e cartilaxinosos, e indica a súa función e a súa situación no organismo.</p> <p>2.3. Enumera as características do tecido óseo; sinala a súa composición, a súa función e a súa localización, e indica as variedades que existen.</p> <p>2.4. Describe as características morfolóxicas e funcionais do tecido sanguíneo.</p> <p>2.5. Explica as características morfolóxicas e funcionais do tecido muscular e sinala as diferenzas entre os distintos tipos de tecidos musculares.</p> <p>2.6. Explica as características do tecido nervioso e describe os diferentes tipos celulares que o forman.</p>
<p>UNIDADE 6: A BIODIVERSIDADE</p>	
<p>2. Explicar como actúa a selección natural e as achegas da teoría sintética.</p> <p>3. Definir adaptación e coñecer os principais tipos de adaptación ao medio e explicar correctamente o concepto de especiación.</p> <p>4. Definir biodiversidade e explicar a súa distribución ao longo do planeta coñecendo os factores que inflúen niso.</p>	<p>1.2. Define biodiversidade segundo a Conferencia de Río de Xaneiro de 1992.</p> <p>2.1. Indica os principios mediante os cales actúa a selección natural.</p> <p>3.1. Enuncia dous exemplos de adaptacións estruturais, dous de adaptacións fisiolóxicas e dous de adaptacións do comportamento.</p> <p>3.2. Define especiación e cita algún mecanismo que favoreza ou induza a aparición de novas especies.</p> <p>4.1. Define bioma e sitúa sobre un mapa os principais biomas terrestres.</p> <p>5.1. Define bioxeografía e rexión bioxeográfica.</p>

<p>5. Definir zona bioxeográfica e coñecer as principais que hai na Terra.</p> <p>7. Entender a influencia da insularidade na biodiversidade, comprender o concepto de endemismo e coñecer algúns exemplos relevantes.</p> <p>8. Comprender a importancia que ten a biodiversidade, coñecer as principais causas que provocan a súa perda e expoñer algúns mecanismos para a súa conservación.</p>	<p>7.1. Define endemismo e pon polo menos tres exemplos diferentes de endemismos vexetais e tres animais en España.</p> <p>8.1. Explica os principais factores causantes de perda de biodiversidade.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Traballo persoal: valoraranse os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc).• Realización das actividades de repaso e reforzo na casa.• Realización das actividades específicas de recuperación.• Realización das tarefas de ampliación.• Realización de traballos monográficos individuais.• Interese e participación nas actividades realizadas.• Puntualidade na entrega das tarefas realizadas. <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Boletíns de exercicios de repaso e ampliación.• Boletíns de actividades específicas de recuperación.• Traballos individuais.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none">• Para o alumnado que teña superadas a primeira e segunda avaliación: a cualificación final será a nota media das dúas avaliacións. <p>O traballo telemático realizado desde a suspensión das clases, tanto de ampliación de materia como de repaso e reforzo, se valorará unicamente para mellorar a nota media final da materia, ata un máximo de 2 puntos.</p> <ul style="list-style-type: none">• Para o alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles na primeira e/ou segunda avaliación: <p>- Se a situación sanitaria permite o regreso ás aulas, realizaránse probas escritas de carácter presencial para recuperar a materia de Bioloxía e Xeoloxía (primeira e segunda avaliacións)</p> <p>- No caso de que o alumnado non poida regresar ás aulas, as probas escritas substituiránse polo traballo telemático de reforzo e recuperación realizados no terceiro trimestre, desde a suspensión das clases.</p> <p>- O profesor, en caso de que o considere necesario, poderá engadir traballo telemático adicional, específico da primeira e/ou segunda avaliación, incluíndo probas online, a aqueles alumnos que o necesiten para adquirir as aprendizaxes e competencias imprescindibles dos dous primeiros trimestres do curso, de forma individual.</p> <p>Nestas actividades telemáticas valorarase o traballo persoal do alumnado: se terán en conta os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc.), o interese na realización das tarefas encomendadas, así como o respecto as datas de entrega das</p>

	<p>mesmas (aquelas entregadas fóra de prazo, sen xustificación, non serán avaliadas).</p> <p>Os alumnos que non superen a materia en xuño, realizarán unha proba escrita en setembro (se a situación sanitaria o permite). A proba realizarase tendo en conta os contidos mínimos que figuran nesta programación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	O alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles na avaliación ordinaria de Xuño, realizará unha proba escrita en setembro (se a situación sanitaria o permite). A proba realizarase tendo en conta os contidos mínimos que figuran nesta programación.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso, recuperación e reforzo da primeira e segunda avaliación. • Actividades de ampliación da materia. • Traballos monográficos individuais.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A comunicación co alumnado realízase a través do correo electrónico, chat de Hangouts, Cisco Webex Meetings e da aula de classroom, onde teñen a súa disposición toda a información e material que necesitan da materia.</p> <p>Temos dúas sesións de clase por semana (martes, de 11 a 12 horas e xoves, de 10 a 11 horas) a través de Cisco Webex Meetings e unha sesión para dúbidas do alumnado (mércores de 12 a 12.45 horas) na mesma plataforma.</p> <p>O alumnado realiza actividades de ampliación (tema de clasificación dos seres vivos, que estaba impartindo na segunda avaliación, e os temas dos animais e das plantas, impartidos no terceiro trimestre). O alumnado dispón na súa aula de classroom de apuntes de cada tema, presentacións power point, enlaces a vídeos e actividades online de autocorrección, ademais das explicacións na clase por videoconferencia. Co material, o alumnado debe realizar boletíns de exercicios, publicados na mesma aula de classroom, con preguntas variadas (preguntas de resposta curta, tipo test, de relación, verdadeiro ou falso, análise de textos e interpretación de gráficos e imaxes).</p> <p>Para as actividades de repaso e reforzo realizan boletíns de exercicios con preguntas variadas, igual que no caso anterior.</p> <p>Tamén faremos actividades específicas de recuperación, para aqueles alumnos e alumnas que teñan algunha avaliación suspensa (primeira e/ou segunda).</p> <p>O alumnado entrega as tarefas ou traballos individuais a través da aula de classroom ou do correo electrónico, segundo lle sexa máis sinxelo e/ou cómodo.</p> <p>As actividades son corrixidas individualmente, xunto coas explicacións ou aclaracións necesarias a cada alumno e alumna, e despois cólganse as solucións en classroom ou se comentan nas sesións de clase por videoconferencia.</p> <p>Calquera dúbida, incidencia ou suxestión, é atendida no correo electrónico, no chat de Hangouts ou na sesión para dúbidas que temos os mércores.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Correo electrónico • Hangouts • Cisco Webex Meetings • Classroom • Apuntes-resumos • Presentacións power point • Enlaces a vídeos • Guía para a realización de traballos individuais. • Actividades de autocorrección online

	<ul style="list-style-type: none">• Boletíns de exercicios
--	--

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	As comunicacións co alumnado realízanse a través do correo electrónico, do chat de Hangouts e da aula de classroom.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.